

Máis de 3.000 persoas participan anualmente nos programas do Club Náutico Firrete de Pontedeume

A tradición pesqueira da Vila de Pontedeume quizais fose determinante na elección do nome do club por parte dos seus primeiros dirixentes. O piragüismo en Pontedeume leva por símbolo unha andoriña de mar, de pescozo negro, con grandes aptitudes para a pesca, guía de pescadores, coñecida entre outros nomes como Charrán, Pirrín, e que só na ría onde morre o Eume se coñece co nome de Firrete.

A imaxe desta ave representa a unha entidade deportiva que, no seu afán por difundir este deporte, chama anualmente a atención de máis de 3.000 persoas para que participen nalgún dos seus programas: equipo de competición, equipo de lecer, o programa Firrete-aventura, Escola de Piragüismo e sala fitness.

Desde o pasado luns 1 de xuño o Club Náutico Firrete empezou a súa nova realidade.

Co esforzo e ilusión de sempre convidannos, con atención ás recomendacións hixiénico-sanitarias que marcan as autoridades, a participar nalgún dos seus múltiples programas.

Pódesnos encontrar en www.firrete.club, facernos un agarimo premendo nalgunha das nosas fotos subidas a instagram, seguirmos en facebook e toparte cos nosos vídeos en youtube.

Viaxamos para competir en Ibiza, Sevilla, Barcelona, Badaxoz, Madrid, Zaragoza, Zamora, Avilés..., nalgunhas, por certo, subimos ao máis alto do podio e gañamos campionatos de España.

Se acostumas a viaxar polo estranxeiro, pode ser



Preto de 200 deportistas federados forman parte do club



A Baixada do Eume vén celebrándose de maneira ininterrompida (ata a pandemia do Covid-19) desde 1967

que coincidiras con algún dos nosos deportistas en Canadá, Alemaña, Bélxica, Portugal, Francia..., e aplaudiras cando un eumés quedou campión de Europa.

Fomos nós!, os que de maneira desinteresada achegamos o piragüismo aos concellos de Betanzos, As Pontes, Narón e Fene.

Somos tema de conversación polos corredores de colexios e institutos, visitánnos cada ano máis de 1.000 estudantes para embarcar por primeira vez nunha piragua e gozar das augas da ría de Ares e do

río Eume.

Facemos o posible por contribuír ao turismo da zona co noso programa Firrete-aventura, e servimos de apoio á rede de hospedaxe e de restauración.

A bo seguro que presenciaches algunha edición da Baixada do Eume que vén celebrándose de maneira ininterrompida (ata a pandemia do Covid-19) desde 1967, e animaches na súa aventura aos benxamíns e infantís que participan nalgunha das regatas de promoción que organizamos nas proximidades do paseo

marítimo de Pontedeume.

Pero, sobre todo, e o máis importante, é que “aquí estamos”, para servir aos eumeses e eumesas, aos nosos veciños e veciñas e a todas aquelas persoas que visitan a nosa vila, para que gocen dun deporte asentado en Pontedeume desde 1969.

Queremos darche a oportunidade de que utilices as nosas piraguas coma se fosen túas, para iniciarte neste fermoso deporte e formar parte —se así o desexas— dos nosos grupos de perfeccionamento, equipos de competición, de lecer..., do piragüismo adaptado ás túas necesidades.

Nós servimos o piragüismo á carta, de mans de chefs de primeira, contamos con técnicos titulados que, con moitos anos de experiencia, saben o que é formar en valores.

Si!, queremos gozar contigo, compartir, rir, xogar, suar, experimentar, conectar, chatear, viaxar, competir, correr, padexar...: educarnos no deporte e aprender xuntos.

Corre a voz, “whatsapp”: aquí estamos, en Pontedeume; onde se non?

Baixada do Eume

A regata que deu orixe ao piragüismo eumés foi galardoada en 2017 coa distinción ao mérito deportivo de Galicia.

O presidente do club, Ramiro Piñeiro Oliveira, recibe dita distinción da man do presidente da Xunta de Galicia.

A Baixada do Eume forma parte das regatas de maior prestixio en España na modalidade de “Descensos de Ríos Deportivos”, sendo a terceira competición con máis antigüidade no calendario autonómico xunto a Copa Miño de Lugo e a Travesía Ría de Foz.

Os deportistas do Club

Os piragüistas, que son os verdadeiros protagonistas do club, saben o que se sente ao subir no máis alto do podio en campionatos nacionais e internacionais, conseguindo tamén ser o club vencedor en varias

ocasións da Liga Copa Xunta de Galicia e de Campionatos de España por Clubs.

Actualmente, tanto o equipo feminino como o masculino compiten na máxima categoría do piragüismo nacional, en división de honra.

Cada ano preto de 200 deportistas federados forman parte do equipo.

Programa Firrete Aventura

Navega con nós en piraguas adaptadas nas que non é necesaria ningunha experiencia previa. Poderás asomarte ás ventás das “Fragas do Eume” ou se se prefires, facer un percorrido polas calas e praias que poboan as marxes da ría de Ares para coñecer o seu ecosistema (arenais e roquedos).

Dentro deste programa tamén ofertamos, buceo, sendeirismo, orientación e outras actividades.

Ramiro Piñeiro Oliveira

Presidente do Club Náutico Firrete



Co Programa Firrete Aventura podes navegar en piraguas adaptadas nas que non é necesaria ningunha experiencia previa

